

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo:

1º.- Que o 31 de Marzo de 1.978, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE QUEIZAN", pertenzente a Comunidade integrada polos veciños dos lugares de Pedreira e Queizán, parroquia de Queizan, termo municipal de Navia de Suarna. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, número 161, do sábado 15 de xullo de 1988, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

2º.- Que o 30 de agosto de ano en curso a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado en Asemblea Xeral celebrada ese día, acordou a sua vez:

- propoñer a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afecte a 141 Hás. do monte sa sua pertenza, nas que se inclúen 21 Hás. do monte "PICO DO SEIXO" y 73 Hás. del "ADORNA", ambos consorciados polo concello de Navia de Suarna co Patrimonio Forestal do Estado e 46 Hás., rasas na actualidade, que aportan de novo,

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lles afecta, anule e substitúa os vixentes consorcios dos montes "PICO DO SEIXO" e "ANDORNA" e

- autorizar ó seu Presidente para sinatura do Convenio.

3º.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó aveiro do Consorcio anterior, a repoboación dos terreos rasos que se aportan, a conservación tratamento selvícola e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordades con tales fins.

4º.- Que o novo monte "DE QUEIZAN", queda constituido por:

22 Hás. do monte "PICO DO SEIXO", LU-3051,
73 Hás. do monte "ADORNA", LU-3053 e
46 Hás. rasas

5º.- Que as superficies do monte "PICO DO SEIXO", LU-3051. eran:

superficie total. 179 Hás.
superficie repoboada. 174 "
superficie inforestal 5 "

Como os que se indican, pasaron as seguintes superficies:

Monte	Superficie total	Superficie repoboada	Superficie inforestal
"DE VILLARGUIDE", 2715792.	39 Hás.	38 Hás.	1 Há.
"IGLESARIO", 2715829	16 "	16 "	-
"MONTES DE PIÑEIRO" 2715830.....	4 "	4 "	-
"MONTES DE COCIÑA E OUTROS", 2715891....	81 "	79 "	2 "
TOTAL	140 Hás.	137 Hás.	3 Hás.

as actuais, son:

superficie total.	39 Hás.
superficie repoboada	37 "
superficie inforestal	2 "

O monte "DE QUEIZAN", pasan:

superficie total	22 Hás.
superficie repoboada	21 "
superficie inforestal	1 "

6°.- Que as superficies do monte "ADORNA", LU-3043, eran:

superficie total	157 Hás.
superficie repoboada	153 "
superficie inforestal.....	4 "

Como o monte "DE LIÑARES", 2715766, pasaron:

superficie total	66 Hás.
superficie repoboada	63 "
superficie inforestal	3 "

as actuais, son:

superficie total	91 Hás.
superficie repoboada	90 "
superficie inforestal.	1 "

O monte "DE QUEIZAN", pasan:

superficie total	73 Hás.
superficie repoboada.	72 "
superficie inforestal	1 "

7°.- Que a Comunidade aporta, para ser repoboadas:

superficie total.	46 Hás.
superficie rasa forestal	44 "
superficie inforestal	2 "

8º.- Que en consecuencia, as superficies actuais do monte "DE QUEIZAN", son:

superficie total.	141 Hás.
superficie repboada.	93 "
superficie rasa forestal.	44 "
superficie inforestal.	4 "

9º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "PICO DO SEIXO" LU-3051.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1994.	6.754.376,-Ptas.
pasados o m/"DE VILLARGUIDE", 2715792.	998.511,- "
pasados o m/"IGLESARIO", 2715829.....	420.426,- "
pasados o m/"MONTES DE PIÑEIRO", 2715830	105.106,- "
pasados o m/"MONTES DE COCINA E OUTROS", 2715841.	3.562.037,- "
saldo actual.	1.668.296.- "

o 31-12-1978; ano en que se clasificou como en man común a parte do monte pertencente a Comunidade de Pedreira e --- Queizán.

1.121.518.- "

A ter en conta de acordo coa Disposición Adicional Segunda da Ley 13/1.989, de 10 de outubro:

21 x 1.668.296,- Ptas. - 21 x 1.121.518,- Pts. 811.515,-Ptas.

b) Ingresos:

.....	407.093,- Ptas.
pasados o m/"DE VILLARGUIDE", 2715792..	87.530,- "
pasados o m/"IGLESARIO", 2715829.	36.854,- "
pasados o m/"MONTES DE PIÑEIRO", 2715830	9.214,- "
pasados o m/"MONTES DE COCINA E OUTROS", 2715841.	186.260,- "
saldo actual.	87.235,- "

10°.- Gastos por traballos e ingresos do monte
"ADORNA", LU-3053.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes.

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1994.	5.504.804,- Ptas.
pasados o m/"DE LIÑARES", 2715766.....	2.266.684,- "
saldo actual.	3.238.120,- "
o 31-12-1978, ano en que se clasificou - como en man común a parte do monte per-- tencente á Comunidade do Pedreira y Quei- zán.	1.331.071,- Ptas.

A ter en conta de acordo coa Disposición Adicional
Segunda da Ley 13/1989, do 10 de outubro,
72 x3.238.120,- Ptas. - 72 x 1.331.071,- Ptas. 1.964.110,- Pts
90 153

b) INGRESOS:

.....	279.351,- Ptas.
pasados o m/"DE LIÑARES", 2715766.....	115.027,- "
saldo actual:	164.324,- "

11°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas dos Consorcios dos montes "PICO DO SEIXO", LU- 3051 e "ADORNA", LU-3053, pasan a conta do Convenio do monte "DE QUEIZAN", son os seguintes:

a) GASTOS:

del monte "PICO DO SEIXO", LU-3051:

traballos: 811.515,-Ptas.

administración: 7,85 x 811.515,- Ptas. 63.704,- "

100

gardería: 21 Hás. x 755,- Ptas./Há... 15.855,- "

del monte "ADORNA", LU-3053:

traballos: 1.964.110,- "

administración: 7,85 x 1.964.110,-Ptas. 154.183,- "

gardería: 72 Hás. x 755,- Ptas./Há. .. 54.360,- "

TOTAL GASTOS. 3.063.727,-Ptas

b) INGRESOS:

del monte "PICO DO SEIXO", LU-3051:

21 Hás. x 87.235,- Ptas. 49.512,-Ptas

37 Hás.

del monte "ADORNA", LU-3053:

72 Hás. x 164.324,- Ptas. 131.459,- "

90 Hás.

TOTAL INGRESOS..... 180.971,- Ptas

12°.- E que a conta do Convenio do monte "DE QUEIZAN", se abre cun saldo de:

3.063.727,- pesetas - 180.971,- pesetas 2.882.756,-Ptas.

=====

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE QUEIZAN".

Elenco: 2715849.

Superficie: 141 Hás.

Pertenza: Comunidade de Pedreira e Queizán.

Termo municipal: Navia de Suarna.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Propiedade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do monte "DE QUEIZAN", 2715849, se abra cun saldo de 2.882.756,- pesetas, sen perxuício dos gastos e ingresos que puideran ter a conta dos consorcios dos montes "PICO DE SEIXO" LU-3051 e "ADORNA", LU-3053.

3º.- Que o monte LU-3051, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "PICO DO SEIXO".

Elenco: LU-3051.

Superficie: 17 Hás.

Pertenza: Parroquia de Cabanela.

Termo municipal: Navia de Suarna.

4°.- Que, por pasar a conta do Convenio do monte "DE QUEIZAN", 2715849, das contas do Consorcio do monte "PICO DO SEIXO", LU-3051, se resten as seguintes cantidades:

gastos:	<u>21 Hás.</u>	x 1.668.296,- Ptas.	946.871,- Ptas.
	37 Hás.		
ingresos:	<u>21 Hás.</u>	x 87.235,- Ptas.	49.512,- Ptas.
	37 Hás.		

5°.- Que o monte LU- 3053, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "ADORNA".
Elenco: LU-3053.
Superficie: 18 Hás.
Pertenza: Parroquia de Cabanela.
Termo municipal: Navia de Suarna.

6°.- Que, por pasar a conta do Convenio do monte "DE QUEIZAN", 2715849, das contas do Consorcio do monte "ADORNA", LU-3053, se resten as seguintes cantidades:


gastos:	<u>72 Hás.</u>	x 3.238.120,- Ptas.	2.590.496,- Ptas
	90 Hás.		
ingresos:	<u>72 Hás.</u>	x 164.324,- Ptas.	 131.459,- "
	90 Hás.		

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 2 de outubro 1995.
A XEFA DO SERVICIO DE XESTIÓN DE MONTES,


Asdo.: Mª del Carmen Juliani Aguado.

VºBº
O DIRECTOR XERAL,


Asdo.: Carlos del Álamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Ilmo. Sr.:

Visto o expediente de sinatura dun Convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Pedreira e Queizán propietaria do Moante Veciñal en Man Común "DE QUEIZAN" constituido por 22 Has. do Monte "PICO DO SEIXO" 73 Has. do monte "ADORNA" e 46 Hás. mais, sito no termo municipal de Navia de Suarna (Lugo), e consecuentemente a rescisión parcial dos Consorcios dos montes citados, e a vista dos informes favorables emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do fomento da produción forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 de devandito Real Decreto.

Santiago de Compostela, 3 outubro 1995.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,A circular official stamp of the Xunta de Galicia, Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, with the text 'DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL' around the perimeter. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in blue ink.Asdo.: M^a José Tato Rocha.ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte "DE QUEIZAN".

Elenco: 2715849.

Superficie: 141 Hás.

Pertenza: Comunidade de Pedreira e Queizán.

Termo municipal: Navia de Suarna.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Propiedade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que da conta do Convenio do monte "DE QUEIZAN" 2715849, se abra cun saldo de 2.882.756,- pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puideran ter, con posterioridade a data de seu peche, as contas de gastos e ingresos dos Consorcios dos montes "PICO DO SEIXO", LU-3051, e "ADORNA", LU-3053.

3°.- Que o monte LU-3051, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "PICO DO SEIXO".
Elenco: LU-3051.
Superficie: 17 Hás.
Pertenza: Parroquia de Cabanela.
Termo municipal: Navia de Suarna.

4°.- Que, por pasar a conta do Convenio do monte "DE QUEIZAN", 2715849, das contas do Consorcio do monte "PICO DO SEIXO", se resten as seguintes cantidades:

gastos: 21 Hás. x 1.668.296,- Ptas. 946.871,-Ptas.
37 Hás.
ingresos: 21 Hás. x 87.235,- Ptas. 49.512,-Ptas.
37 Hás.

5°.- Que o monte LU-3053, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "ADORNA".
Elenco: LU-3053.
Superficie: 18 Hás.
Pertenza: Parroquia de Cabanela.
Termo municipal: Navia de Suarna.

6°.- Que, por pasar a conta do Convenio do monte "DE QUEIZAN", 2715849, das contas do Consorcio do monte "ADORNA", LU-3053, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 72 Hás. x 3.238.120,- Ptas. 2.590.496,-Ptas.
90 Hás.
ingresos: 72 Hás. x 164.324,- Ptas. 131.459,- "
90 Hás.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 1995.

O CONSELLEIRO,

P.D.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13-12-93)



ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	5849
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. Tomás Pérez Vidal, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. Manuel López Fernández, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE QUEIZAN", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 9 de Novembro de 1.982 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños dos lugares de Pedreira y Queizán, parroquia de Queizán, municipio de Navia de Suarna.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "DE QUEIZAN"
Navia de Suarna

Termo municipal: Provincia: Lugo

Situación administrativa e legal: Monte en man común pertencente á Comunidade integrada polos veciños dos lugares de Pedreira y Queizán, parroquia de Queizán, termo municipal de Navia de Suarna.

Límites:

N.:

S.:

L.: FIGURAN NA FOLLA ADXUNTA

O.:

Superficie: 141 (cento corenta e unha) Hás.

Estado forestal: 93 (noventa e tres) Hás. repoboadas, 44 (corenta e catro) Hás. rasas forestais e 4 (catro) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 93 (noventa e tres) Hás.

Sen vexetación arbórea: 48 (corenta e oito) Hás.

Servidumes: -

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños dos lugares de Pedreira y Queizán, parroquia de Queizán, termo municipal de Navia de Suarna.

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizárase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignárase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerárase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 22 Hás. do monte "PICO DO SEIXO", LU-3051 e 73 Hás. do monte "ADORNIA", LU-3053.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. pinaster e P. radiata nos terreos rancos na actualidade.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTÍZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " DE QUEIZAN " de Pedreira e Queizán - NAVIA DE SUAR-
na (Lugo).— Nº de Rexistro 0177 - data do rexistro 05-03-91.

2.— Que, así mesmo, figura Don MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, e
Don CARLOS FERNÁNDEZ MÉNDEZ, como presidente e secretario,
respectivamente, da xunta rectora, deica 6 30-08-99

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo
a 1 de setembro de 199 5.



Don _____, Secretario
de _____

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o
día _____ estando designado
Don _____
representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en _____
a _____ de _____ de mil
novecentos noventa e _____.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Asdo.: Manuel López Fernández.

Asdo.: Carlos Fernández Méndez.

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director
Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia,
dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,


Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P.D.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13/12/93)



LIMITES DEL MONTE "DE QUEIZAN"

LIMITES:

PARCELA I.-

- N.- más monte de la Comunidad de Pedreira y Queizán;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- montes "MONTES DE COCIÑA, TOLA Y TRIGAL" y monte de la Comunidad de - Villarguende y
- O.- monte de la Comunidad de Villarguende.

PARCELA II.-

- N.- Propiedades particulares;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- Propiedades particulares y
- O.- monte "MONTES DE COCIÑA, TOLA Y TRIGAL".

PARCELA III.-

- N.- Propiedades particulares;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- monte "MONTES DE COCIÑA, TOLA Y TRIGAL" y
- O.- Propiedades particulares.

PARCELA IV.-

- N.- Propiedades particulares;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- monte "MONTES DE COCIÑA, TOLA Y TRIGAL" y
- O.- Propiedades particulares.

PARCELA V.-

- N.- Propiedades particulares;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- monte "MONTES DE COCIÑA, TOLA Y TRIGAL" y
- O.- Propiedades particulares.

D. Manuel López Fernández,
D. Carlos Fernández Méndez,
D. Carlos Sánchez López,
D. José Luis Pérez Gómez y
D. José Fernández Rodríguez

En el lugar de Queizán, parroquia de -
Queizán, municipio de Navia de Suarna, sien-
do las trece horas del día 30 de Agosto de -
1.995, se reúnen los componentes de la Junta
Rectora de la Comunidad de Pedreira y Queizán,
cuya relación figura al margen.

Por unanimidad de los asistentes y conforme con lo acordado por la-
Comunidad reunida en Asamblea General en el día de hoy, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la
firma de un Convenio que afecte a 141 Hás. del monte vecinal en mano común de su
pertenencia que incluya 21 Hás. del monte "PICO DO SEIXO" y 73 Hás. del monte -
"ADORNA", ambos consorciados por el Ayuntamiento de Navia de Suarna con el Pa-
trimonio Forestal del Estado y a 46 Hás., rasas, que se aportan de nuevo, con -
lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "DE QUEIZAN"

Superficie: 141 Hás.

Límites:

PARCELA-I.-

N.- más monte de la Comunidad de Pedreira y Queizán;

E.- Propiedades particulares;

S.- monte "MONTES DE COCIÑA, TOLA Y TRIGAL" y más monte de la Comu-
nidad de Villarguende y

O.- monte de la Comunidad de Villarguende.

PARCELA-II.-

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares;

S.- Propiedades particulares y

O.- monte "MONTES DE COCIÑA, TOLA Y TRIGAL".

PARCELA-III.-

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares;

S.- monte "MONTES DE COCIÑA, TOLA Y TRIGAL" y

O.- Propiedades particulares.

.../...

PARCELA -IV.-

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares;

S.- monte "MONTES DE COCIÑA, TOLA Y TRIGAL" y

O.- Propiedades particulares.

PARCELA -V.-

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares;

S.- monte "MONTES DE COCIÑA, TOLA Y TRIGAL" y

O.- Propiedades particulares.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que les afecta, anule y sustituya a los Consorcios de los montes "PICO DO SEIXO" y "ADORNA".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad



